

ESTRUTURA XERAL		O ICO puxo xa a disposición de empresas e autónomos as novas liñas de financiamento para 2013, que para o presente ano se simplificaron en canto a número e se estruturaron en dos bloques: empresas/empreendedores e internacional.	
LIÑAS ICO 2013	ICO EMPRESAS E EMPREENDEDORES	EMPRESAS E EMPREENDEDORES 2013	<ul style="list-style-type: none"> ■ Dirixida a empresas e autónomos que realicen investimentos produtivos en España e/ou necesiten cubrir as súas necesidades de liquidez. ■ O importe máximo que se pode solicitar é de 10 millóns de euros, nunha ou varias operacións por cliente e ano. ■ Cando o financiamento obtido se destine a investimento, poderase financiar ata o 100% do proxecto. ■ O prazo de amortización pode alcanzar os 20 anos (con ata 2 anos de carencia) no caso de investimento e os 3 anos (con posibilidade de 1 ano de carencia) no caso de financiar necesidades de liquidez.
		GARANTÍA SGR 2013	<ul style="list-style-type: none"> ■ Dirixida a autónomos e empresas que conten co aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca (SGR). ■ Poderán destinarse a financiar necesidades de liquidez ou investimentos produtivos dentro e fóra de España. ■ Cando o concepto financiable sexa investimento, o importe máximo a solicitar é de 1 millón de euros e a operación deberá estar avalada por unha SGR no 100%. ■ Cando o concepto financiable sexa liquidez, o importe da operación será de ata 1 millón de euros, se está avalada ao 100% por unha SGR e ata 60.000 euros, se está avalada ao 50% por unha SGR. ■ O prazo de amortización poderá chegar ata os 15 anos, con opción a 1 ou 2 anos de carencia, dependendo das características da operación.
	ICO INTERNACIONAL	INTERNACIONAL 2013	<ul style="list-style-type: none"> ■ Tanto para financiar necesidades de circulante como investimentos produtivos fóra de España. ■ O seu importe máximo é de 10 millóns de euros, nunha ou varias operacións por cliente e ano, podéndose financiar ata o 100% do proxecto, se se dirixe e investimento. ■ O prazo de amortización poderá alcanzar os 20 anos coa posibilidade de 2 anos de carencia.
		EXPORTADORES 2013	<ul style="list-style-type: none"> ■ Dirixida a autónomos e empresas españolas que emitan facturas derivadas da venda en firme de bens e servizos realizadas a un debedor ubicado fóra de España. ■ Financiaranse tanto operacións con certificado para liquidez (é dicir, con garantía dunha entidade aseguradora) como operacións sen dito certificado. ■ Poderá financiar ata o 100% do importe das facturas, independentemente da porcentaxe de cobertura da aseguradora e sen existir limitación por país debedor, sempre que non se supere o importe máximo de 5 millóns de euros nunha ou varias disposicións.
PRAZO FORMALIZACIÓN		O prazo para formalizar operacións acollidas a estas liñas finaliza o 16/12/2013, sempre e cando existan fondos dispoñibles.	
ENTIDADES DE CRÉDITO		En todas estas liñas o ICO actúa a través das entidades de crédito (Bancos e Caixas), concedendo os fondos coa intermediación das citadas entidades que, a través das súas redes de oficinas, comercializan os produtos, encárganse da análise e viabilidade da operación, determinan garantías a esixir, diciden sobre a concesión ou non da operación e asumen o risco do posible non pagamento.	
AMPLIAR INFORMACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> ■ O Dpto. Fiscal de APETAMCOR amplía información a interesados, e asesora da liña que interesa en cada caso. ■ Ademais, pódese ampliar información de cada liña en www.ico.es ou a través do teléfono de atención ao cliente gratuito 900121121. 	